


# Compresor

Accede a esta  
ficha e descárgaa  
noutras linguas  
cooficiais e  
estranxeiras



## Antes de empregala máquina comproba que:

Non levas roupa de traballo folgada, así como colgantes ou obxectos que poidan engancharse.

O compresor está situado nunha superficie axeitada, horizontal e uniforme.

O manómetro e a válvula de seguridade funcionan correctamente.

As mangueriras, rácores e abrazadeiras son axeitadas e non están danadas.

A área de traballo está ben iluminada, con ventilación axeitada e sen materiais inflamábeis nas proximidades.

O nivel de aceite é correcto, o tapón está ben colocado e non hai derrames ao redor.

Dispón das gardas e dispositivos de protección necesarios e ben conservados.

## En canto ao manexo:

Utiliza o equipo só se estás capacitado/a e autorizado/a.

Non empregues as embocaduras para limpar po ou labras das instalacións ou do propio persoal.

Evita a presenza de mangueriras en áreas de paso e en contacto con superficies cortantes.

Non empregues fita illante para reparar danos das mangueriras (taponar escapes, etc.).

Se é de accionamento eléctrico, comproba o estado dos cables e enchufes. Non o manipules coas mans molladas.

Se é de motor diésel ou gasolina, o reabastecemento farase co equipo parado e frío.

Non o empregues baixo os efectos do alcol nin drogas de ningún tipo.

Non apoies obxectos sobre o compresor e non fumes nin empregues lapas abertas na súa proximidade.

Emprega os EPI necesarios, cando menos:



protección ocular



protección auditiva



luvas anticorte



calzado de seguridade

## Ao finalizar o traballo:

Manipula con luvas as zonas do compresor a elevadas temperaturas.

Limpa o equipo e purga o aire acumulado nas conducións.

Garda o compresor, as mangueriras e os accesorios en lugares axeitados, protexidos da humidade.

Apaga o motor e desconecta da corrente, no seu caso.

Para máis información en relación á verificación de maquinaria accede

